



Sin perjuicio de ello, a tenor de lo establecido en el artículo 171.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, la interposición de dicho recurso no suspenderá por sí sola la efectividad del acto o Acuerdo impugnado.

En Campo Lameiro, a 9 de Junio de 2014.—El Alcalde, Julio G. Sayáns Bugallo.

2014005368

* * *

A CAÑIZA

ANUNCIO DE LICITACIÓN PARA O ARRENDAMENTO DE NAVE UBICADA NO CAMPO DA FEIRA (ANTIGO MERCADO) DA CAÑIZA.

Por medio do presente faise público que mediante resolución da alcaldía de data 06.06.2014, acordouse a aprobación do expediente para o arrendamento do inmovible que de seguido se detalla, decretándose a apertura do procedemento de adxudicación:

1.—ENTIDADE ADXUDICATARIA

Concello da Cañiza (Pontevedra).

2.—DEPENDENCIA QUE TRAMITA O EXPEDIENTE

Secretaría Xeral.

3.—OBJECTO

Arrendamento de nave emprazada no Campo da Feira

a) Situación xeográfica: Antigo mercado da Cañiza

b) Superficie: construída 248,4 m², útil 218,1 m²

c) Título de adquisición: alta no Inventario no ano 1982

d) Cargas ou gravames: non ten

4.—TRAMITACIÓN

Ordinaria

5.—PROCEDEMENTO

Aberto con varios criterios de valoración

6.—ORZAMENTO DE LICITACIÓN

220 €/mes (ao alza)

7.—GARANTÍAS

Artigo 14 do PCAP

8.—OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

Concello da Cañiza, Secretaría Xeral 986651000-1, perfil do contratante www.caniza.org.

9.—LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Artigo 9 do P.C.A.P.

10.—DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Ata as 14:00 horas do décimo quinto (15) día natural seguinte á derradeira publicación deste anuncio (BOP ou perfil do contratante).

**11. – APERTURA DE PROPOSICIÓN**

Artigo 12 do P.C.A.P.

12. – GASTOS DE PUBLICIDADE

Por conta do adxudicatario ata un importe máximo de 1.000,00 €.

A Cañiza, a 6 de xuño de 2014. – O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2014005492

* * *

COTOBADA**A N U N C I O**

POR MEDIO DO PRESENTE FAISE PÚBLICO QUE POR DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 10.06.2014 ADOPTOUSE A SEGUINTE RESOLUCIÓN:

“Decreto da Alcaldía de 10 de Xuño de 2013

Vista a posibilidade de delegación de atribucións contemplada polo artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como a substitución de funcións que para estes supostos prevé o artigo 47 do mesmo texto normativo e o artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, pola presente e dada a miña ausencia nesas datas,

RESOLVO:

1. Delegar en D. Fernando Vázquez Corbacho, en canto 1ª Tenente de Alcalde, a Alcaldía do Concello desde o día 11 ata o 13 de xuño de 2013.
2. Esta resolución surtirá efectos a partir do día seguinte da mesma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.
3. Dar traslado da presente resolución ao interesado así como á oficina do Boletín Oficial da provincia para a súa publicación.”

Cotobade, a 10 de xuño de 2014. – O Alcalde, Jorge Cubela López.

2014005544

* * *

CRECENTE**ANUNCIO ACUERDO PLENARIO DE INCLUSIÓN DE BIEN PATRIMONIAL EN EL INVENTARIO DE BIENES**

El Pleno Municipal del ayuntamiento de Crecente en su sesión ordinaria del día 29.04.2014 por mayoría absoluta adoptó el siguiente acuerdo:

“Visto todo el expediente que obra en poder del ayuntamiento de Crecente desde el año 1996 relativo al Catamarán Crecente Rio Miño (...)

EL PLENO MUNICIPAL ACUERDA POR MAYORÍA ABSOLUTA DE SUS MIEMBROS

La inscripción en el Inventario de Bienes Municipales del Mueble que se describe a continuación, no inscrito en el registro de la propiedad:

- Naturaleza del Bien Patrimonial: Mueble
- Descripción: Embarcación de transporte de pasajeros tipo catamarán
- Estado: Inactividad



-PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN NO CONTRATO PATRIMONIAL DE ARRENDAMENTO DE NAVE EMPRAZADA NO ANTIGO MERCADO-CAMPO DA FEIRA (A CAÑIZA)-

Artigo 1. Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é o arrendamento do inmovible –*nave emprazada no Campo da Feira (antigo mercado)*, propiedade deste Concello, que está cualificado como ben patrimonial no Inventario Municipal, para destinalo a actividade produtiva.

Descrición de inmovible:

- a) Situación xeográfica: Antigo mercado da Cañiza
- b) Superficie: construída 248,4 m², útil 218,1 m²
- c) Título de adquisición: alta no Inventario no ano 1982
- d) Cargas ou gravames: non ten

O orzamento de valoración do arrendamento do inmovible aportado polo técnico ascende a 218,10 €/mes, polo que se considera establecer o tipo de licitación (ao alza) en 220 €/mes.

O contrato definido ten a cualificación de contrato patrimonial, tal e como establece o *artigo 41.p) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.*



Artigo 2. Procedemento de selección e adxudicación.

A forma de adxudicación do contrato do arrendamento será o concurso público, no que calquera interesado poderá presentar unha oferta, de acordo co *artigo 107.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*

Para a valoración das ofertas e a determinación da mellor oferta deberá de atenderse a varios criterios de adxudicación.

Artigo 3. Perfil do contratante.

Sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello publicará os anuncios que considere necesarios no Perfil do contratante, ao que terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.caniza.org

Artigo 4. Importe do arrendamento.

O importe do arrendamento establécese na cantidade mínima de **220 €/mes**, que poderá ser mellorado á alza polos licitadores.



O pagamento da renda será mensual e efectuarase antes do día 10 de cada mes.

A renda actualizarase na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato aplicando á renda correspondente á anualidade anterior a variación porcentual experimentada polo índice xeral nacional do sistema de índices de prezos de consumo nun período de doce meses inmediatamente anteriores á data de cada actualización, tomando como mes de referencia para a primeira actualización que corresponda ao último índice que estivera publicado na data de celebración do contrato, e nas sucesivas, que corresponda ao último aplicado.

Artigo 5. Órgano de contratación.

Á vista do importe do contrato que ascende á cantidade máxima de 420 €/mes (100.800 € + IVE), o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa *Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro* será o Alcalde.

Artigo 6. Duración do contrato.

En virtude do principio de liberdade de pactos e da lexislación sobre arrendamentos, a duración do contrato de arrendamento fíxase en vinte (20) anos, de carácter improrrogable.

Artigo 7. Capacidade.

Poderán presentar ofertas, por si mesmas ou por medio de representantes, as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para iso.

Artigo 8. Acreditación da aptitude para contratar.

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** dos licitadores acreditarase:

- a) En canto a **persoas físicas**, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) En canto a **persoas xurídicas**, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Artigo 9. Presentación de documentación.

A presentación de proposicións e documentación axustarase ás seguintes regras:



1. Lugar e prazo: as ofertas para concorrer á contratación que regula este prego presetaranse no Rexistro Xeral do Concello da Cañiza -Rúa Oriente, 11, 36880, A Cañiza (Pontevedra)- entre as 9:00 e as 14:00 horas, en días hábiles (sábados en horario de 10:00 a 13:00 horas) no prazo de de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS, contándose desde o día seguinte ao da publicación do derradeiro anuncio de licitación. As ofertas poderán tamén presentarse por correo en idéntico prazo e condicións. Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama ou telefax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo de presentación de ofertas. Transcorridos, emporiso, dez días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso. Se o último día do prazo que se establece coincide con domingo ou festivo, automaticamente entenderase que o último día do prazo cumprirase ao inmediato día hábil posterior.

2. Formalidades: as proposicións por medio das que se conorra á contratación convocada presentaranse en tres sobres (A, B e C), figurando na parte exterior de ambos en caracteres lexibles o nome ou razón social do licitador, número de teléfono, fax e dirección de correo electrónico e a expresión CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO DO ARRENDAMENTO DE NAVE UBICADO NO ANTIGO MERCADO DA CAÑIZA - CONCELLO DE A CAÑIZA- .

Sobre A) Subtitulado "documentación xeral", no que se introducirán os seguintes documentos:

- Índice de documentos.

- Fotocopia cotexada do DNI da persoa que asine a proposición, tanto se concorre á contratación como persoa natural, coma no caso de que a persoa natural represente a unha persoa xurídica.

- Fotocopia cotexada do NIF ou CIF da empresa.

- Copia da escritura de poder bastanteado pola secretaria/o do Concello da Cañiza se se actúa en nome e representación doutra persoa. En caso de que non se aporte o bastanteo no sobre A, admitirase que no acto de apertura de dito sobre a secretaria/o proceda ao seu bastanteo, admitindo a trámite a proposición, no caso de que o poder sexa considerado bastante para concorrer á licitación, e inadmitida en caso contrario.

- No caso de persoas xurídicas, copia da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non o ser, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial. Cando se trate de empresarios non españois de estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do estado respectivo. Os demais empresarios estranxeiros deberán presentar, para acreditar a súa capacidade de obrar, certificación expedida pola Embaixada de España no estado correspondente. No suposto de que o proponente sexa unha unión temporal de empresas, presentarase compromiso da súa constitución, subscrito polos empresarios ou os seus representantes, indicando os nomes e



circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha das empresas na UTE, e designando a persoa que como apoderado único da UTE ostentará a plena representación de todos eles ante a administración.

- Declaración responsable de non estar incurso a persoa física ou xurídica, e no seu caso os administradores desta última, en ningunha das prohibicións para contratar coa administración que sinala o artigo 60 do T.R.L.C.S.P. aludindo expresamente á circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e de reunir as condicións de aptitude, personalidade xurídica, e os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional para este contrato, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales requisitos e condicións deban esixirse antes da adxudicación aos que vaian resultar adxudicatarios do contrato, (*segundo Anexo I deste PCAP*)

- Dirección de correo electrónico, aos efectos de notificacións.

Sobre B) Subtitulado "**documentación técnica**", que conterá os seguintes documentos:

-Memoria xustificativa da/s actividade/s a desenvolver no caso de resultar adxudicatario (máximo dez follas).

Sobre C) Subtitulado "**proposta económica**", que conterá os seguintes documentos:

Oferta económica, no modelo seguinte:



PROPOSTA ECONÓMICA PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO PARA O ARRENDAMENTO DE NAVE UBICADA NO ANTIGO MERCADO DA CAÑIZA

D./ D^a _____, con DNI número _____, do que achego fotocopia, con domicilio en _____, na rúa _____ (en nome propio ou en representación de _____), segundo acredito con copia de poder ao meu favor outorgado, que acompaño suficientemente bastantado; enterado do concurso para o arrendamento de nave ubicada no antigo mercado do Concello de A Cañiza, de acordo co Prego de cláusulas que rexe a contratación que declaro coñecer e aceptar na súa integridade, e proponendo como oferta económica a que segue, nos seguintes termos:

- PREZO ARRENDAMENTO €/MES.
- IVE...../MES
- PREZO TOTAL.....€/MES.

Lugar, data e sinatura.

Artigo 10.- Criterios de adxudicación.

Aos efectos da adxudicación deste contrato, teranse en conta os seguintes criterios, coa ponderación, por orde decrecente de importancia, que se indica:

1. Criterios que dependen de xuízo de valor:

-Contido da Memoria xustificativa da/s actividade/s a desenvolver no caso de resultar adxudicatario (Ata un máximo de 10 puntos). Neste apartado valorarase a iniciativa e



emprendemento da actividade a desenvolver, a súa repercusión na creación de emprego, a menor repercusión medioambiental, a potenciación de sectores produtivos propios da comarca (agroalimentario, gandeiro, artesanal) e a comercialización de produtos.

2. Criterios que dependen de fórmula matemática:

- Maior prezo do arrendamento (Ata un máximo de 20 puntos). Neste apartado outorgarase 1 punto por cada 10 €/mes en que se incremente o prezo sen IVE (220 €/mes) que se establece como tipo de licitación.

Artigo 11.- Mesa de contratación.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- D. Miguel A. Domínguez Alfonso (Alcalde), que actuará como Presidente da Mesa.
- D. Tomás da Silva de Carvalho (Concelleiro), Vogal
- D. Juan Marquina Fuentes (Secretario do concello), Vogal
- D^a. Marta Marín Gracia (Interventora do concello), Vogal.
- D. Antonio Liste Alejandro (Técnico do concello), Vogal.
- D^a. Angeles Rodríguez Varela (Administrativa do concello), Secretaria da Mesa.

Artigo 12.- Apertura de ofertas.

A apertura dos sobres terá lugar dentro dos dez (10) días hábiles seguintes ao remate do prazo de presentación de proposicións.

A orde de aperturas de sobres será A, B, C. Os sobres B e C non se poderán abrir ata que non se teñan aceptado e/ou rexeitado motivadamente as ofertas presentadas. A apertura do Sobre B, que se refire a documentación a valorar mediante xuízo de valor, será previa e deberá ser coñecida polos licitadores antes da apertura do sobre C, que se refire a documentación a valorar mediante fórmula matemática.

Artigo 13.- Clasificación das ofertas e adxudicación.

O órgano de contratación (ou a Mesa se procede) clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderase aos criterios de adxudicación sinalados no Prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes.

O órgano de contratación adxudicará e requerirá ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis ventaxosa para que, dentro do prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte a aquél en que teña recibido o requerimento, e antes da formalización do contrato, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo, e xustifique o cumprimento dos requisitos de aptitude, personalidade xurídica, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, e acredite a presentación da fianza esixida segundo o artigo 13 deste PCAP



A adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos interesados.

Artigo 14.- Fianza.

Previa a formalización do contrato será obrigatoria a esixencia e prestación de fianza, en cantidade que se establece a tanto alzado, por un importe de tres mil cincocentos (3.500,00 €) euros.

Artigo 15.- Obrigas do arrendatario.

— Os gastos derivados da subministración de auga, gas, electricidade e demais servizos serán de conta do arrendatario e aboados xunto coa renda ou directamente ás empresas subministradoras. No entanto, o Concello realizará as instalacións e acometidas adecuadas cos respectivos contadores individualizados.

— O arrendatario, previo consentimento expreso do arrendador, poderá realizar as obras que considere necesarias, aínda que iso signifique unha modificación da configuración do inmovible.

— O arrendatario comprométese ao aboamento da renda pactada. No suposto de un retraso no pagamento superior a un periodo de tres meses, o concello poderá proceder á incautación do aval pola parte correspondente á débeda. O retraso en máis de seis meses no pagamento da renda será causa para que o concello poida instar a resolución do contrato, por incumprimento das obrigas contractuais por parte do contratista.

— O arrendatario deberá destinar o local ao uso das actividades que figuren na documentación técnica, correndo coa obriga de obter todos os permisos/licenzas/autorizacións que sexan precisos para o seu correcto desenvolvemento.

— O arrendatario queda obrigado a estar ao corrente de todas as súas obrigas tributarias, coa SS e salariais, podendo a Administración requerilo para que om acredite.

— Subscribir unha póliza de seguros que responda dos danos que poidan producirse.

Artigo 16.- Obrigas do arrendador.

Serán obrigacións do arrendador:

— O Concello deberá realizar, sen dereito a elevar por iso a renda, todas as reparacións que sexan necesarias para conservar o inmovible nas condicións de utilización para servir ao uso convido, salvo cando o deterioro de cuxa reparación se trate sexa imputable ao arrendatario a tenor do disposto nos artigos 1563 e 1564 do Código Civil.

— En canto a obras de conservación e mellora, estarase ao disposto na Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos.





Artigo 17.- Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo, no que se transcribirán os dereitos e deberes de ambas as partes que foron enumerados neste Prego. Cando os arrendamentos sexan susceptibles de poder inscribirse no Rexistro da Propiedade, deberán formalizarse en escritura pública, para poder ser inscritos. Os gastos xerados por iso serán á conta da parte que solicitase a citada formalización, artigo 113.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 1280.2 do Código Civil e 2.5 da Lei Hipotecaria, Texto Refundido segundo Decreto de 8 de febreiro de 1946.

Artigo 18.- Réxime xurídico do contrato.

Este contrato ten carácter patrimonial, a súa preparación e adxudicación rexerese polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; os principios extraídos da lexislación contida no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e as súas disposicións de desenvolvemento, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerese pola normativa patrimonial das Entidades Locais, cando resulte de aplicación, e as Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.





ANEXO I – DECLARACIÓN RESPONSABLE:

1. DATOS DO EXPEDIENTE:

- **Denominación do contrato:** *CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO DO ARRENDAMENTO DE NAVE EMPRAZADA NO ANTIGO MERCADO DA CAÑIZA.*
- **Data da declaración:**

2. DATOS DO DECLARANTE

- **Nome:**
- **Apelidos:**
- **NIF:**
- **Teléfono:**
- **Fax:**
- **Correo electrónico a efectos de práctica de notificacións:**
- **Dirección postal a efectos de práctica de notificacións:**

- **Entidade mercantil á que representa:**
- **NIF:**
- **Cargo:**



DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que o asinante da declaración, ou a entidade á que represento, cumpre coas condicións de personalidade xurídica, aptitude, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional esixida polo Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para contratar co Concello de A Cañiza no contrato de referencia.

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).

- Que no forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.

- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).

- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.

- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.



Concello da Cañiza

C.I.F.: P - 3600900 - I

Rúa Oriente, 11 · 36880 A CAÑIZA (Pontevedra) · Tfnos.: 986 651 000 · 986 651 001 · Fax: 986 651 190
Web: www.caniza.org · E-mail: info@caniza.org

- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

Sinatura:

